



EXCMO. CONCELLO DE TUI

ANUNCIO

Mediante resolución da Concellaría de Persoal de data 27.08.2020 ditouse o seguinte acto administrativo cuxo contido literal é:

RESOLUCIÓN DA CONCELLARÍA DE PERSOAL

NOMEAMENTO DE ASESORES DO TRIBUNAL NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA INTERINA DA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN GRUPO A, SUBGRUPO A-2 E CONSTITUCIÓN DE LISTAXE DE RESERVA.

Antecedentes:

Visto que o Concello de Tui solicitou á Deputación de Pontevedra a asistencia técnica e a cesión da máquina correctora neste proceso selectivo e que, mediante resolución presidencial da Deputación de Pontevedra de data 18.08.2020, decreto nº RP2020002195, acordouse a cesión da máquina correctora para exame tipo test e o nomeamento de dous técnicos asesores do tribunal para o manexo da mesma.

Visto que mediante resolución da concellaría de Persoal de data 20.08.2020, decreto nº 2020-0921, aprobouse a listaxe definitiva das persoas admitidas e excluídas, o nomeamento do tribunal e a data da primeira proba do proceso selectivo arriba referenciado.

Esta concellaría delegada de Persoal (resolución de delegación 24.06.2019 núm 2019-0720),

RESOLVE:

1.- Nomear como **asesores técnicos** do tribunal para o manexo da máquina correctora do exame tipo test, ás seguintes persoas:

* Rubén Gómez González, programador adscrito ó Servizo de Novas Tecnoloxías.

* Marcos Aramburu García-Pintos, xefe do negociado de programación adscrito ó Servizo de Novas Tecnoloxías.

2.- Convocar, ás persoas citadas coma asesores do tribunal para a súa constitución o luns, **14 de setembro de 2020** ás **10.00** horas nas dependencias da Aula Cemit no Edificio Área Panorámica sito en Rúa Colón núm 2. 36700. Tui.

3.- Expoñer o público esta resolución, polo prazo de **3 días naturais** ós efectos de que as persoas aspirantes poidan recusar os asesores técnicos membros do tribunal, cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.





EXCMO. CONCELLO DE TUI

4.- Dar traslado da presente resolución á unidade de Persoal e ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

5.-Contra o presente acordo poderá interperse os seguintes recursos:

_ **Potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o desta notificación.

_ **Contencioso-Administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezaran a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.

_ Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade.

O Sr. Concelleiro de persoal, Jose Ramón Magán Rivera en Tui.
Documento asinado dixitalmente á marxe

